

AS DROGAS DA NOITE.

*Estas non son máis que unhas de tantas, xa que cada día son máis.

KETAMINA: Anestésico utilizado en veterinaria. Relacionado coa música dence desde hai unha década. Ten propiedades alucinóxenas, psicodélicas e estimulantes. Pode provocar ataques de pánico, delirios e alucinacións suicidas.

GHB (ÉXTASE LÍQUIDO): Trátase de óxibato sólico, un anestésico para o tratamento da narcolepsia e facilitador da perda do peso. Sintetizouse por primeira vez no 1960 e fixo a súa aparición nos clubs británicos no 1994, e a España tardou un ano máis en chegar. Sóese atopar en estado líquido transparente ou en pequenas cápsulas de plástico. Úsase especialmente polos seus efectos euforizantes e porque aumenta o desexo sexual. En doses elevadas produce náuseas, alucinacións e vómitos, e incluso pode chegar a provocar a morte por sobredoses.

CRACK: Mestura de coca e amoníaco. O seu nome débese ao son que produce a coca cristalizada cando de queima para aspirar. Considérase como unha das sustancias máis aditivas existentes e asóciase a grupos marxinais.

METANFITAMINA (SPEED): Estimulante con efectos similares ás anfetaminas. É coñecida co nome de "coca de pobres" polos seus efectos similares e o seu baixo custo. Aumenta a autoestima, a capacidade de atención e provoca un alto estado de euforia.

MDA (CRISTAL LOVE PILL): Variante da anfetamina. Foi utilizada nos anos 40 como depresor do apetito. Nos últimos anos volveu en forma de po para ser inxerida oralmente. En doses baixas, de 30 ou 40 mg, produce unha sensación de euforia e empatía.

CONSUMO DE ÉXTASE NO MUNDO

AUSTRALIA	3.4%
IRLANDA	2.4%
ESPAÑA	1.8%
CANADÁ	1.3%
ISLANDIA	0.9%
GRECIA	0.7%
ISRAEL	0.4%
CROACIA	0.3%
VENEZUELA	0.3%
GHANA	0.01%

¿REALMENTE PENSADES QUE MERECE A PENA?

O INTELIXENTE NON É SÓ O QUE SACA BOAS NOTAS, SENÓN SABER TAMÉN TOMAR DECISIÓNS IMPORTANTES COMA ESTA.

Ti decides, iso é verdade. Pero eu teño a necesidade moral de dicirche que, se es un dos que consomen drogas, a túa decisión non foi a máis acertada.

